Nova

# O CESGA, recoñecido co premio Computer World ó Impacto no Cidadán



Computer World (unha revista autosuficiente que non precisa promoción nin tampouco amigos no eido do xornalismo, a xulgar polas poucas facilidades que nos deron á hora de achegar datos sobre os seus premios), estivo este mércores 8 en Santiago para, entre outras cousas, facer entrega dos seus "exclusivos" galardóns tecnolóxicos. O acto celebrouse no Hostal dos Reis Católicos, no transcurso dunha xornada sobre novas ferramentas convocada polo semanario. Foi alí onde a Dirección Xeral de I+D desvelou o "segredo" mellor gardado por Computer World: os nomes das institucións premiadas. Salustiano Mato, en calidade de presidente do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA, na imaxe) recolleu o premio ó Impacto no Cidadán.

Computer World, segundo nos fixo saber a Xunta (tivo que ser a Xunta...), quixo recoñecer con este galardón "o esforzo realizado polo CESGA a prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns a través da Investigación e o Desenvolvemento e de servizos eficaces, flexibles e transparentes". A revista (agora si) tivo a consideración de conceder a identidade da outra persoa presente na entrega de premios: Marcos Aramburu, director de Informática do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (dependente da Deputación de Pontevedra). Coñecida tamén como "ORAL", esta institución recoñecida por Computer World ten destacado pola súa aposta á hora de emprega-las novas tecnoloxías nos seu procesos de xestión.

Entrevista



Pablo López
Consultor e xerente de Hacce

Firma convidada



Manuel José Fernández Iglesias
Director Xeral de Comunicación Audiovisual





movis


GALICIA INNO
Plan Galego de Investigación
e Innovación Tecnolóxi



PRINCIPAL | FOROS | REVISTA EN PAPEL | HEMEROTECA | O NOSO EQUIPO | TOP 100 | ENLACES | CONTACTAR

**Grupo Código Cero Comunicación**

UNINOVA- Recinto MercaGalicia
Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n
15890 Santiago de Compostela
Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24
Telefax 981 55 77 07
webmaster@codigocero.com

Galardón á Innovación Empre
na categoría de Comunicac